

## Bernard P. J. N. Bolzano (Praga, 1781-1848)



Matemático, lóxico, filósofo e teólogo bohemio que escribiu en alemán e realizou importantes contribucións ás Matemáticas e á Teoría do coñecemento.

En Matemáticas, é coñecido polos teoremas de Bolzano de Bolzano-Weierstrass, que el esbozou como lema nun traballo de 1817, e décadas despois desenvolvería Karl Weierstrass.

Na súa filosofía, Bolzano criticou o idealismo de Hegel e Kant, ao afirmar que os números, as ideas e as verdades existen de modo independente das persoas que os pensen.

A maior parte dos traballos de Bolzano permaneceron en forma de manuscritos, polo que tiveron unha circulación moi reducida e unha escasa influencia no desenvolvemento da materia. Moitas das súas obras non se publicaron ata 1862 ou despois.

As teorías de Bolzano sobre o infinito matemático anticiparon as de Georg Cantor sobre conxuntos infinitos.